

Avaliación e catalogación de sites web de carácter socioeducativo



Unha maneira de facer Europa.



1.- Obxectivos do proxecto

A AS-PG, como entidade con máis de trinta anos de traballo no mundo socio-pedagógico, ven ofrecendo ao profesorado, ao alumnado e a pais e nais diferentes recursos a través da súa web e, tamén, a través de xornadas de formación presencial.

Mais somos conscientes que, no momento actual en que a rede de Internet alcanzou un volume inmenso, o coñecemento, e sobre todo a catalogación e divulgación dos recursos educativos presentes na rede, e unha tarefa que non se pode adiar máis no tempo se non queremos que Internet se convirta nun espazo saturado de información e recursos totalmente desaproveitado pola imposibilidade de coñecermos a súa ubicación e valor didáctico. Daí a nosa intención de ofrecer á sociedade en xeral un repertorio de webs educativos avaliados e testados por profesionais que garantan a quen os visite rigor, calidade, veracidade e todos os demais elementos necesarios para non distorsionar o proceso formativo.

En resumo, o obxectivo deste proxecto é a difusión e o desenvolvemento de actuacións destinadas á cidadanía en xeral orientadas a dar a coñecer aos usuarios a adecuación de certos sitios web ás idades e intereses de cada destinatario, tendo en conta especialmente criterios técnicos (navegabilidade, accesibilidade, etc) e pedagóxicos, nun proceso supervisado por profesionais cualificados e suxeito á valoración e cualificación do público usuario.

2.- A Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), entidade de carácter pedagóxico e socio-cultural de ámbito galego, atenta sempre ás necesidades máis inmediatas dos docentes e da sociedade em xeral, ven realizando actividades desde a súa creación no ano 1976 incidindo en distintos planos:

- No plano pedagóxico, como movemento de renovación pedagóxica, realiza ao largo do curso académico unha ampla actividade de formación permanente do profesorado para facilitar a súa actualización didáctica e capacitación pedagóxica. E ao mesmo tempo acercar o sistema educativo á nosa realidade cultural, social, histórica, lingüística e xeográfica, que manifesta características diferenciadas e propias.

Ven traballando tamén desde fai anos na elaboración de materiais didácticos tanto audiovisuais como bibliográficos que faciliten a labor docente e redunden nun avance da calidade do ensino.

- Intervención socio-educativa. Sendo conscientes que o sistema educativo non se cinxe só nin exclusivamente ao traballo dentro das aulas, levamos adiante programas de intervención educativa co colectivo de pais e nais, fomentando a súa participación na vida dos centros educativos, a intercomunicación como fórmula para mellorar as expectativas do sistema educativo, así como iniciativas destinadas ao alumnado, levadas a cabo fóra do centro educativo e que pensamos que necesariamente complementan a súa formación e o desenvolvemento da súa personalidade.

Esta experiencia ten un reflexo directo na nosa capacidade organizativa xa que somos capaces de facer chegar as nosas propostas ao 100% do profesorado,

sendo o organismo non oficial que máis horas de actualización didáctica ofrece ao conxunto profesorado. É por iso que ás xornadas e cursos que anualmente organizamos en toda Galiza acoden máis de 3000 profesores.

A nosa presenza no día a día do ensino fai que podamos comprobar directamente as carencias deste, tanto nos currículos como nas demandas de actualización do profesorado.

É precisamente este feito o que nos leva a plantexar este proxecto.

3.- MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO

3.1.- INTRODUCCIÓN

Se ben é certo que Internet ofrece numerosas posibilidades de utilización pedagóxica tamén é certo que non existe unha cultura dixital xeneralizada entre os tres sectores que configuran o sistema educativo: profesorado, pais/nais e alumnado. A maioría das enquisas realizadas sobre usos de Internet indican que o 90 % dos internautas considera que saben utilizar a maior parte dos servizos que se ofertan actualmente na Rede (Facebook, Skype, Flickr, Youtube, Wikipedia, Google Maps, Messenger, Twitter, Amazon...), sen embargo son moi poucos os conscientes das ameazas que se cernen sobre eles

en canto se conectan á Internet **e sobre a veracidade e fiabilidade das informacións consultadas.**

Esta preocupación tamén se pon de manifesto consultando diariamente os xornais. Cada vez son máis habituais titulares relacionados co incremento do uso das novas tecnoloxías por parte da mocidade e a preocupación que determinadas actuacións xera na propia mocidade, nos seus pais e nais e educadores:

Dende diferentes administración a nivel europeo tamén hai referencias a esta situación, que destacan a problemática vixente e propoñen solucións.

Por exemplo na redefinición dos plan de estudio do Reino Unido propúxose a implantación dunha asignatura de *sistemas de comunicación e información actuais baseados en Internet*, así como realizar un maior énfase na educación sobre o entorno social e virtual. Segundo esta proposta, que está a ser debatida, os nenos deberán abandonar a escola primaria familiarizados co uso dos blogs, podcasts, Wikipedia, Twitter... como fontes de información e comunicación.

A nivel español o actual *Secretario de Estado de Telecomunicación y para la Sociedad de la Información*, **Francisco Roig**, fai uns meses destacaba a necesidade de que o sistema educativo español debería contar cunha *“asignatura para ensinar a los jóvenes a navegar por Internet con seguridad”* e destaca que *“igual que a un niño no se le puede dejar sólo en una gran ciudad sin educarle a la hora de circular por ella, lo mismo sucede con Internet”*.).

Sen embargo, a día de hoxe, non existe ningunha iniciativa a nivel estatal que aborde a problemática da educación dixital de forma específica, ofrecendo unha formación ampla dirixida aos sectores da sociedade máis implicados mocidade, titores e que se centre na avaliación de fontes de información procedentes de internet.

3.2.- OS WEBS EDUCATIVOS

Denominamos webs educativos os espazos web que foron deseñados co propósito específico de facilitar determinadas aprendizaxes ou de proporcionar recursos didácticos para os procesos de ensino e aprendizaxe. A avaliación destes espazos difire pouco da avaliación de materiais didácticos multimedia en soporte CD.

No entanto, ademais destas páxinas web educativas, hai moitos outros sitios web que poden ser utilizados nun momento determinado como medio para levar a cabo certas aprendizaxes a partir da información que proporcione ou das actividades interactivas que propoña. A estes, de clara utilidade nalgún ámbito do mundo educativo denominámoslos webs de interese educativo. Uns e outros están hoxe moi parcialmente catalogados e avaliados e os intentos que existen son, case sempre, de carácter descritivo, cando non simples referencias ou ligazóns cos correspondentes <http://>

A AS-PG, como entidade que leva máis de trinta anos traballando no ámbito da RENOVACIÓN PEDAGÓXICA e incorporando as TIC ao sistema educativo, ve con preocupación como cada vez máis as aulas están dotadas con equipamento informático mais o profesorado non está suficientemente informado das capacidades educativas que os novos soportes tecnolóxicos lle ofrecen. Desde o noso sitio web (www.as-pg.com) , construído todo el baixo o estándar FLOSS, vimos traballando por ofrecer recursos dixitais ao profesorado. Mais pensamos que chegou o momento de incorporar plenamente os recursos que ofrece a web ao sistema educativo, mais non só á parte que corresponde ao profesorado, senón tamén ao alumnado e as familias, parte, estas últimas, fundamental no éxito escolar

do noso alumnado. Porque hoxe en día o sistema escolar regrado non cubre máis do que unha parte da educación, entendida esta no seu aspecto máis amplo, queremos ofrecer á sociedade un repositorio de sitios web de carácter socioeducativo no que os usuarios e as usuarias poidan encontrar o que buscan en cada momento sabedores de que o que encontren será unha información rigorosa, fiable e segura. E queremos que sexan os propios usuarios os que valoren a adecuación destes sitios aos seus intereses.

3.3.- OS RECURSOS MULTIMEDIA

Os recursos educativos multimedia, son materiais que integran diversos elementos textuais (secuenciais e hipertextuais) e audiovisuais (gráficos, son, vídeo, animacións...) e que poden resultar de utilidade nos contextos educativos.

Os bos materiais multimedia formativos son eficaces, facilitan o logro dos seus obxectivos, e iso é debido, suposto un bo uso por parte dos estudantes e profesores, a unha serie de características que atenden a diversos aspectos funcionais, técnicos e pedagóxicos.

Ao considerar a avaliación da calidade destas contornas formativas multimedia, habemos de distinguir polo menos dúas dimensións:

- As características intrínsecas das contornas, que nos permitirán realizar unha avaliación obxectiva dos mesmos.

- A forma na que se utilizan estas contornas nun contexto formativo concreto, xa sexa de maneira autodidacta por parte do propio estudante ou baixo a orientación dun docente ou titor (avaliación contextual). Neste caso, máis que avaliar o propio

material formativo, o que se avalía son os resultados formativos que se obteñen e a maneira na que se utilizou.

Por suposto que a aplicación que se faga das contornas dependerá das súas potencialidades intrínsecas, pero a súa eficacia e eficiencia dependerá sobre todo da pericia dos estudantes e docentes.

3.4.- Avaliación de fontes de información

A avaliación de fontes de información é tarefa habitual no mundo educativo porque unha das súas principais actividades consiste en seleccionar entre o conxunto total da información aquela que resulta máis relevante para o correcto desempeño do labor docente. ***Mais esta tarefa tan habitual no mundo educativo, no das bibliotecas, da documentación, da letra impresa en xeral, xa non é tan habitual ao nos referir ao mundo da Internet.***

A diferenza entre a información dispoñible na web e a impresa estriba no formato e a forma de creación e difusión (que non é pouco) porque en relación cos contidos son exactamente iguais. No mundo editorial sempre existe un filtro para a publicación das obras: un editor, un comité editorial ou un comité científico deciden que é o que merece ser publicado. Non significa que sempre acerten nin que logren que se publique todo o que é importante; pero si aseguran uns criterios mínimos de calidade.

Pois ben, na actualidade, case calquera persoa do mundo máis desenvolvido, dispón de ferramentas que hai pouco tempo non estaban ao alcance nin de editoriais medianas. O resultado é que case calquera pode crear unha páxina web e enchela de contidos de todo tipo: textuais, icónicos, sonoros... Cando alguén entra nun mundo no que convive información tan variada resulta difícil conducirse por el. Hai que lembrar que a web é enorme e en gran medida invisible: os máis potentes

buscadores só son capaces de albiscar unha pequena parte de toda a súa capacidade e a pesar deles son capaces de indexar 11.500 millóns de páxinas web. **Resulta por iso imprescindible contar con algún medio que nos indique se a información que atopamos é adecuada.** Podemos afirmar que a necesidade de organizar e xestionar a información da web debido á inxente cantidade e diversidade da información, á súa organización aparentemente caótica, á heteroxeneidade formal de contidos e á súa alta volatilidade se converteu nunha demanda social perentoria.

É preciso, por tanto, avaliar. En realidade todos avaliamos: a biblioteca para conseguir encher os seus estantes, físicos e electrónicos, de documentación pertinente e crear directorios de recursos, os profesores para apoiar o seu programa académico e seguir formándose, os alumnos para mellorar os seus coñecementos e conseguir máis co menor esforzo, os sistemas de información sobre a información para proporcionar ferramentas potentes que aforren traballo aos investigadores... Consciente ou inconscientemente examinamos se se cumpren, e en que medida, unha serie de requisitos e tomamos unha resolución en consecuencia. Iso é avaliar: analizar para tomar decisións. Estas decisións poden ser máis ou menos complexas, máis ou menos comprometidas: da súa necesidade e natureza dependerá en boa medida o nivel de profundización que se aplique na análise das fontes, porque é evidente que o que para uns é elemento substancial para outros non ten valor.

4.- Que temos que analizar nos webs educativos: criterios

Hai que considerar que os criterios que se teñen en conta para avaliar unha páxina web serven tamén para creala; é dicir, que se poden ter en conta á hora de deseñala para que teña un nivel mínimo de calidade.

Existen moitas propostas diferentes de que é o que se debe avaliar, que van desde as que pormenorizan até o detalle até as que se fixan meramente nuns poucos aspectos.

No mundo anglosaxón faise referencia en multitude de ocasións a cinco criterios: *autoridade, rigor, obxectividade, actualidade e cobertura*. Pero tamén se engaden cada vez máis a miúdo outros elementos, como o acceso e a navegación e o deseño.

Partiremos destes criterios para facer a nosa proposta de avaliación de sitios web e, consecuentemente, elaborar o noso repertorio de sitios webs de carácter socioeducativo.

4.1.- Autoridade

É un criterio fundamental, orientado a identificar quen é o responsable intelectual da información e o grao de capacidade que ten para tratalo. Inclúe tanto ao autor como ao editor e mesmo a existencia de patrocinadores. A influencia destes pódese analizar desde dúas vertentes: positiva, cando ten unha imaxe respectable que lle interesa manter e difundir; negativa, cando sospeitamos que os seus intereses están a influír nalgunha medida na información presentada. Deberíase atopar sempre información sobre o autor, o que demasiado a miúdo non sucede, e é un mal indicio. A información sobre a autoría pódese atopar en seccións como About, quen somos,

as credenciais na cabeceira ou no pé... Cando non contén información explícita sobre o autor é conveniente mirar a URL e o dominio. Cando si contamos coa información, é importante que veña acompañada dun breve currículo ou dos datos suficientes para indicarnos que nivel de capacitación pode ter o autor no tema que trata. É conveniente ter en conta, no entanto, que os autores coñecidos non o son desde sempre e que o currículo sexa curto ou inexistente non sempre é indicativo de que a información non sexa importante ou relevante. Se queremos profundar no noso coñecemento sobre o autor podemos utilizar directorios de persoas, ou algún dos grandes buscadores (tamén buscadores temáticos) para atopar información sobre o autor ou para coñecer quen enlaza coa páxina, se está citada en guías temáticas, etc.

É importante tamén comprobar se se pode contactar con el por algún medio. Algúns autores expoñen mesmo a conveniencia de entrar en contacto co webmaster para que nos amplíe a información. Se a pesar de todo non hai datos sobre o autor (ou é novel) teremos que basearnos no contido e a estrutura da información: estilo, profundidade, obxectividade... en definitiva, nos restantes criterios que dan valor a unha páxina web.

4.2.- Rigor

Ligado ás ideas de precisión, exactitude e relevancia. Debe ter en conta sempre a audiencia á que se dirixe: se estamos a falar de diversión o científico está fóra de lugar e viceversa; se se dirixe a público adolescente a profundidade será diferente que se o fai a un universitario... Tamén é importante a finalidade para a que se creou: convencer, crear opinión, facer publicidade, proporcionar datos.. (este aspecto está ligado a outro dos criterios, o de *obxectividade*). É importante coñecer

se se trata dunha fonte de información primaria ou non e neste último caso de onde provén. Tense en conta se hai algunha revisión da información por parte de persoas diferentes ao autor (a tarefa propia de editores e similares). E, evidentemente, débese comprobar se a información contén erros, se está ben escrita (corrección gramatical, ortográfica e de sintaxe) e ao nivel adecuado, se resulta útil, se realiza achegas novas... Tamén é moi importante a inclusión dunha bibliografía na que aparezan as fontes utilizadas e citar adecuadamente. En ocasións é conveniente contrastar o que lemos co que sabemos ou o que é o mesmo- con outras fontes que traten a mesma información e que sabemos que son cribles. As ligazóns tamén deben ser analizadas neste sentido: se responden o obxectivo buscado e a información que conteñen as páxinas enlazadas é rigorosa.

4.3.- Obxectividade

O coñecemento do grao de obxectividade é sempre un elemento fundamental. En realidade poucas cousas son obxectivas e en ocasións é conveniente contrastar opinións diferentes, mesmo con respecto a principios que aparentemente están ben asentados; pero para iso é necesario coñecer ante que nos atopamos. Debemos observar se se fala de feitos ou datos, se a información aparece sesgada e en que sentido, se é posible apreciar a influencia do patrocinador, se as perspectivas diferentes están equilibradas ou non, se o tema está tratado con humor, en ton de parodia ou de sátira, se hai publicidade na páxina...

4.4.- Actualidade

Refírese ao momento en que se elaborou a información; pero tamén ao grao de actualidade dos contidos: unha obra escrita en 2005 pode estar baseada en fontes

de 1990. Para algúns campos da ciencia isto é fundamental porque o índice de obsolescencia dos seus contidos é moi alto; noutros, a súa importancia é relativa. Pode indicarnos directamente se o recurso responde as nosas necesidades ou non, por iso debemos identificar claramente a data de creación e a das súas fontes. Tamén existe a posibilidade de facer revisións que só actualicen aquilo que realmente sexa necesario, mantendo o resto: neste caso fixarémonos tanto na data de creación como na de actualización ou revisión. Ademais, a actualidade hai que facela extensible ás ligazóns hipertexto que contén a páxina e nos mesmos termos que comentamos. Deberíase evitar tamén a existencia de ligazóns cegas ou que apuntan a páxinas que cambiaron de lugar.

4.5.- Cobertura

Refírese á amplitude da información en dous sentidos: o da cantidade de información presentada e o dos temas que trata (tendo en conta ámbitos cronolóxicos, espaciais, de lingua, etc.). Analízase como aprofunda neles, que achega como novo ou orixinal, se se corresponde co obxectivo que busca, se se adecua á audiencia... Inclúense os servizos que ofrece, no caso de que sexa unha das finalidades da páxina.

4.6.- Acceso

Recolle aspectos técnicos e outros que non o son. Entre os primeiros destacan os requirimentos de software, a rapidez da conexión e da carga de imaxes, a estabilidade da conexión, a existencia de opcións sen gráficos... Entre os últimos o acceso restrinxido (con login e contrasinal) a quen pertencen, a necesidade de realizar un pago previo, a limitación do acceso unicamente a demos ou con determinadas condicións de uso... Tamén contempla se a páxina web está

deseñada para facilitar o acceso a discapacitados de todo tipo (aínda que xeralmente tense en conta só a cegueira).

Moi a miúdo únense os criterios de navegación e deseño, quizá porque a primeira depende en boa medida do deseño da páxina web.

4.7.- Deseño

É un elemento moi importante porque del depende que unha páxina sexa atractiva ou non. Hai que considerar que páxinas con bos contidos poden pasar desapercibidas porque quen se achega a elas vese atafegado por unha grande cantidade de datos de toda natureza (icónicos, sonoros...) que ocultan a verdadeira importancia do contido ou pola imposibilidade de ler a información. É necesario considerar todas as cuestións que teñen que ver co que se denominou usabilidade. O fondo da pantalla e a fonte (tipo, cor e tamaño) con que se escribe son básicos e inflúen na lexibilidade. Hai que comprobar que o formato sexa apropiado ao obxectivo da páxina: o público infantil, por exemplo, pode valorar máis as cores. Os recursos multimedia deberían contribuír a aumentar o poder informativo da páxina e non ser un estorbo ou simple aditamento e estar dotados dunha certa calidade. As posibilidades de interacción son moi apreciadas: dirección de correo-e, contacto co webmaster, opcións de feedback, formularios adecuados... As opcións de impresión e descarga non deben presentar complicacións. Tense que posibilitar a encriptación en situacións en que é necesario gardar a confidencialidade. A propaganda, no caso de que apareza, non debe ser intrusiva e entorpecer o adecuado acceso á información.

4.8.- Navegación

A navegación é un dos elementos máis importantes dunha páxina web en boa medida porque a súa idea é íntiseca á existencia da web: a presentación en pantallas de computador, a estruturación dos contidos e a existencia de ligazóns fai imprescindible que se deba navegar. En realidade non é senón a correspondencia co pasar páxinas dun libro no que nos movemos dun capítulo a outro ou da procura e consulta nos volumes nun andel. Se non é efectiva, o usuario desistirá de utilizar a páxina ou non chegará á información importante que estea máis escondida. Hai que comprobar que a información estea ben organizada (incluíndo todos os elementos), que sexa fácil moverse por ela e volver atrás en calquera momento, que os elementos de navegación sexan intuitivos e non arbitrarios, se hai solucións ante os erros (información sobre o erro, posibilidade de superalo...). É importante que exista un mapa do sitio que proporcione unha idea xeral de todo o que contén, que conte con ferramentas de procura propias (non unha ligazón a buscadores coñecidos que buscan en toda a web), con elementos de axuda ou preguntas frecuentes (FAQ: Frequently Ask Questions).

5.- A avaliación dun sitio web

A rede de Internet non posúe un sistema de control da calidade da información. Calquera persoa pode publicar o que desexar sobre Internet. A AS-PG, como entidade que leva máis de trinta anos traballando no campo da renovación pedagóxica, é consciente de que a información proveniente de Internet está hoxe presente, de maneira case total, no sistema educativo e no entorno familiar.

Ofrecer ao alumnado, ao profesorado e ás familias un repertorio de recursos educativos presentes na rede, valorados e organizados en función dos criterios establecidos anteriormente, é un obxectivo que, pensamos, xustifica este proxecto.

Por iso, **se queremos garantir a calidade e veracidade da información, temos que avaliar os sitio web. Isto faise máis necesario no caso de páxinas con contidos socioeducativos e este é propóstito deste proxecto**

Son moitos os criterios que poderíamos utilizar, mais pensamos que, para as páxinas de contido máis xeral, ás que accede a inmensa maioría da poboación, son suficientes os criterios explicitados anteriormente e que podemos resumir nos seguintes ítems, resumidos parcialmente na ficha que vai máis abaixo:

- A información é verificable?
- Cítanse fontes?
- Está a información corroborada por outras fontes, electrónicas ou impresas?
- Os destinatarios, son precisos?
- Podemos descubrir puntos de vista particulares e información sesgada?
- Se o tema é controvertido, menciónanse diferentes opinións?
- Ten enlaces externos pertinentes e de boa calidade?
- Está identificado claramente o autor, ou propietario, do sitio?
- Pode facilmente comunicarse con el?
- Está actualizada?
- Está estruturado o sitio de forma lóxica e comprensíbel de modo que facilite a súa utilización?
- É accesible a todos os navegadores?
- Ten buscador de contido o sitio?

- É visualmente atractivo e de lectura fácil?
- As ilustracións e outros detalles estéticos son pertinentes?
- Cargan rapidamente as páxinas?

FICHA DE CATALOGACIÓN E AVALIACIÓN de ESPAZOS WEB DE INTERESE SOCIOEDUCATIVO	
REXISTRO	
Enderezo URL	http://
Título do espazo web	http://
Autores/Produtores:	
Contacto	Enderezo postal, teléfono, e-mail
AVALIACIÓN DOCENTE	
TIPOLOXÍA: Escoller entre unha e tres opcións)	<ul style="list-style-type: none"> • BUSCADOR • CENTRO DE RECURSOS • ENTORNO DE COMUNICACIÓN • ÍNDICE • MATERIAL DIDÁCTICO ON LINE • PORTAL • PRENSA ELECTRÓNICA • TELEFORMACIÓN TUTORIZADA • TENDA VIRTUAL • VENDA • WEB DE PRESENTACIÓN • WEB INSTITUCIONAL • WEB TEMÁTICO
PROPÓSITO	<ul style="list-style-type: none"> • VENDA • DISTRIBUCIÓN • INFORMACIÓN • INSTRUÍR • COMUNICACIÓN INTERPERSOAL • REALIZAR TRÁMITES • ENTRETER • INTERESAR
DESTINATARIOS	Profesorado Pais e nais Alumnado: 3-5; 6-8; 9-11; 12-14; 15-18; + de 18
APLICACIÓN DIDÁCTICA (avaliase como:	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de motivación, atractivo, interese • Adecuación dos contidos aos destinatarios • Uso de recursos didácticos

excelente, moi boa, boa, regular, escasa, nula cada un dos ítems)	<ul style="list-style-type: none"> • Fomento de autoaprendizaxe • Enfoque aplicativo / creativo das actividades
AVALIACIÓN TÉCNICA	
Accesibilidade	LIBRE ACCESO: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON INCLÚE PUBLICIDADE: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON- ACCESO WAP: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
DESEÑO E NAVEGACIÓN	
(avaliase como: excelente, moi boa, boa, regular, escasa, nula cada un dos ítems)	
Entorno audiovisual: presentación, pantallas, son, letra.....	
Elementos multimedia: calidade, cantidade.....	
Calidade e estrutura dos contidos	
Estrutura e navegación polas actividades.....	
Hipertextos descritivos e actualizados.....	
Execución fiable, velocidade de acceso adecuada.....	
Orixinalidade e uso de tecnoloxía avanzada.....	
VALORACIÓN GLOBAL DA WEB	
(avaliase como: excelente, moi boa, boa, regular, escasa, nula cada un dos ítems)	
Calidade Técnica.....	
Atractivo.....	
Funcionalidade, utilidade.....	

6.- Execución do proxecto e prazos.

Para a posta en práctica deste proxecto a AS-PG contará cun equipo de 10 persoas das cales 5 elaborarán os formularios que permitirán catalogar e avaliar cada web en función dos criterios anteriores e realizarán o avaliación técnica. Para iso existirá unha ferramenta de administración desde a que se validará a información que logo aparecerá publicada e poderá visibilizar cada usuario. Esta ferramenta aparecerá integrada no sitio web as-pg.com, o sitio oficial da Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

O formulario de catalogación poderá ser visibilizado polo público e este poderá propor sitios web catalogados en función dos criterios preestablecidos.

Outro grupo de 5 persoas será a encargada de validar os contidos socio-pedagóxicos.

O proxecto estará finalizado e operativo nos primeiros días de novembro de 2010.

7.- Orzamento

O obxectivo deste proxecto é catalogar e avaliar sitios web de carácter socio-educativo co interese de os ofrecer ao profesorado, ao alumnado e a pais e nais. Dada a inmensa cantidade de datos a catalogar temos que concibir o proxecto a medio prazo polo que, ao obxecto da presente liña de axudas o noso obxectivo é catalogar a avaliar 100 sites web antes de finalizar o ano 2010 para poder continuar a este ritmo de 100 sites anuais ao longo dos próximos anos.

Gastos de elaboración de contidos e-learning	9000
Gastos de desprazamento	750
Gastos derivados da integración de contidos no web da AS-PG	1500
Total	11250

A Coruña, xullo de 2010